

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario da categoría de persoal enfermeiro especialista nas especialidades de Enfermería Familiar e Comunitaria, Enfermería Pediátrica e Enfermería do Traballo.

Coa finalidade de estender o procedemento de concurso de traslados aberto e permanente a todas as categorías e así facer efectivo o dereito á mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo recoñecido no artigo 17 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e acadar un mellor desenvolvemento profesional, esta dirección xeral, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 208, do 31 de outubro) e o artigo 7 da Orde do 22 de abril de 2020, de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 82, do 29 de abril), logo de negociación das bases no seo da Mesa Sectorial de Sanidade, coa aprobación das organizacións sindicais CIG, UGT, CESM-O´MEGA, CC.OO., CSIF e SATSE.

RESOLVE:

Primeiro. Publicar a convocatoria de concurso de traslados para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario da categoría de persoal enfermeiro especialista nas especialidades de Enfermería Familiar e Comunitaria, Enfermería Pediátrica e Enfermería do Traballo.

Esta convocatoria manterá a súa vixencia no tempo, cunha oferta de prazas e adxudicación de destinos que terán unha periodicidade mínima anual e que serán publicadas, ambas resolucións, no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Segundo. A solicitude de participación no concurso deberase efectuar a través da Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e/Sección de Procesos), dirixirse a unha unidade de validación das relacionadas no propio formulario electrónico de inscrición e deberá presentarse por rexistro electrónico.



Terceiro. As persoas interesadas poderán presentar a solicitude de participación en calquera momento, sen suxeición a prazo, desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

En cada ciclo anual de adxudicación incluíranse as solicitudes de participación e petición de destinos que consten rexistradas en Fides/expedient-e e formalmente presentadas ata o 15 de xaneiro do respectivo ano.

Con carácter excepcional, e exclusivamente para o primeiro ciclo de adxudicación, admitiranse as solicitudes de participación e petición de destinos que consten rexistradas en Fides/expedient-e e formalmente presentadas ata o 15 de febreiro.

Os méritos que se valorarán neste primeiro ciclo anual, serán os causados ata o 15 de decembro do ano anterior, inclusive, que consten debidamente rexistrados en Fides/expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada en data do 15 de febreiro de 2023.

Cuarto. Serán de aplicación a este proceso as bases aprobadas por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 20 de novembro de 2017 (DOG núm. 227, do 29 de novembro), así como o baremo de méritos aprobado por Resolución do 8 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro).

Quinto. Para efectuar as consultas e resolver as dúbidas que xurdan en relación con este procedemento, habilitase o seguinte enderezo de correo electrónico:

concurso.traslados@sergas.es

Sexto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

